

XIV Premio Victoriano Taibo¹

Miguel Anxo Mouriño

Tal día coma hoxe, hai 138 anos, Francisco Taibo e Josefa García, donos dunha fonda no santiagués barrio da Algalia e pais doutros tres fillos, dábanlle alborozada benvida ao novo morador, Victoriano Taibo García. Nesta data tan especial quero enviarlle un cariñoso c umprimento á súa familia, a filla Gloria e os netos, Ildara, Rubén e Fuco.

Nesta mesma data, 93 anos atrás, faltaban tres días para que o mestre —que se convertería por méritos propios en fillo adoptivo de Gondomar andando o tempo— fose nomeado, o 25 de abril de 1930, para exercer a docencia na escola de Guillufe, en Morgadáns. Faltaban, pois, tres días para o seu “renacemento” como “morgadanés”, e, xa que logo, gondomarés e miñorán. A escola pertence hoxe á Entidade Local Menor, e o piso superior, o local que fora vivenda da familia Taibo – Rebollar, acolleu en 2008 unha homenaxe organizada e xestionada polo IEM para rescatar do esquecemento un persoeiro tan importante, que prestixia o espazo no que esta institución actúa, e tratar de situalo de novo no lugar sobranceiro que lle corresponde no panorama literario e cultural de Galicia, o mesmo que ocupou nos dous terzos iniciais do século pasado. Entre outras cousas, aqueles actos deixaron como colleita, ademais de varios estudos eruditos e libros editados, o inicio do premio de poesía Victoriano Taibo, cuxa XIV convocatoria celebramos hoxe con este acto de entrega do galardón a Javier Rodríguez González, a quen reiteramos a nosa felicitación. A institución do premio foi posible grazas á sensibilidade do presidente da Entidade na altura, Urbano Esmerode, que nos deixou prematuramente durante a pandemia que sacudiu as nosas vidas, pero segue presente na memoria de moitos miñoráns e, dende logo, do IEM. Cómpre recordar e agradecer o mérito do concello de Gondomar cando, en 2015, cesado o mecenado da Entidade,

acudiu ao rescate para subvencionar e asegurar a continuidade dun certame cuxo prestixio é amplamente recoñecido; recentemente andamos un paso máis ao acadar tamén o apoio da editorial Galaxia, que edita e distribúe o libro premiado.

Debemos tamén salientar a actividade infatigable do colectivo PUGA, integrado no IEM, e do grupo dramático TEATRO DO AR que nos vén agasallando cunha dinámica e atraente presentación do acto.

Recordemos agora brevemente quen foi Victoriano Taibo.

Estudou Maxisterio na Escola Normal compostelá. Toda a súa actividade profesional dedicouna ao ensino, primeiro en centros privados e logo en públicos, actividade que guiou a súa docencia por unha decena de escolas e lugares, dende Ponte de Mera ata Vigo. Hai constancia da alta valoración que mereceu o seu labor docente en diversos lugares, incluído o do “desterro”; pero as mostras máis evidentes proveñen de Morgadáns.

Como activista cultural e escritor, participou en primeira liña na creación, naquel 1916, da Irmandade da Coruña, foi co-protagonista, xunta Lois Porteiro, cuxa morte prematura cantaría en sentidas e acendidas estrofas, da fundación da segunda en Santiago, na que ostentou o cargo de secretario, e a el débese enteiramente a de Ortigueira, que presidiu; participou como representante na histórica Asemblea de Lugo sendo un dos asinantes do seu non menos histórico manifesto, creou escritos divulgativos, participou na formulación dun ensino galego... Formou, con Cabanillas, Noriega Varela e López Abente, a téttrade de poetas que máis se distinguíu na defensa e promoción das Irmandades da Fala.

¹ Este texto foi lido, no nome do seu autor, por Xulián Maure Rivas no acto de entrega de premio “Victoriano Taibo” a Javier Rodríguez González, galardonado no ano 2022 polo seu poemario “Xeración (breve tratado de males inespecíficos)”.

Como poeta, Taibo rompe co ruralismo imperante e inaugura (xunta outros) unha etapa modernista influído pola poesía irlandesa, aínda que lle debe moito a Pondal, sobre todo na linguaxe combativa da época das Irmandades. A súa poesía móvese por eidos ben distintos; ás veces pola liña tradicional e popular, noutros casos inténese na crítica social, na defensa dos valores nacionalistas, na loita acendida e patriótica; non faltan os poemas intimistas inzados de lirismo e mesmo ensaia aventuras vangardistas. Pero sempre é apreciada polos contemporáneos, incluídos os cultivadores das novas tendencias.

Como narrador, prosista e ensaísta o que destaca inmediatamente é a habilidade do autor no manexo da lingua, habilidade literaria, narrativa, descritiva, pero tamén habilidade de lingüista, de escritor orgulloso da lingua que está usando, que coñece a un nivel moi superior á maioría e que coída con agarimo responsable.

Publicou en vida tres obras; dous poemarios; *Abrente (versos galegos)* (1922) e *Da vella roseira, cántigas orixinás* (1925), e unha obra narrativa: *Da Agra Aberta, contos e lendas* (1955). En todos os casos a aparición destes libros foi saudada efusivamente por moitos intelectuais, algúns dos cales publicaron críticas moi favorables en diversos medios e outros fixérono por vía epistolar.

Taibo foi, pois, persoa sobranceira no mundo da cultura. Premiado en varias ocasións, membro da Real Academia Galega, do Instituto Histórico do Minho, do Seminario de Estudos Galegos; poeta, narrador, colaborador en prensa, conferenciante. Reclamado para participar nos máis diversos actos, para escribir prólogos, para participar en xurados, para colaborar en revistas. Pero era, sobre todo, un creador que seguía escribindo e que deixou inéditos unha presa de poemas, algúns xa en forma de libro, *Abicedo* e *Cabrinfolas*, que publicou en 2008 a editorial Follas Novas en edición de Armando Requeixo.



Participou constantemente nos distintos ámbitos da vida cidadá e veciñal; a el acudían en todas aquelas xestións para as que os seus veciños e amigos o consideraban máis cualificado. Levaba os seus alumnos a recibir clases prácticas en plena natureza, e dedicáballes con frecuencia horas de lecer en días non lectivos; os seus alumnos lembraron durante moito tempo os días de papaventos, nos que o mestre lles ensinaba a confeccionar e voar estes xoguetes. Mantiña animadas conversas cos veciños, co párroco, con mestres de parroquias próximas, participaba en actos públicos, locais ou municipais, como a homenaxe ao Padre Hermida, de celebracións, como na proclamación da república, en mitins a prol do estatuto, en compañía de líderes políticos como Castelao, Alonso Ríos ou Paz Andrade.

En Morgadán era unha persoa admirada, querida e respectada, como demostran os comentarios cariñosos dos seus ex alumnos que vivían aínda en 2008, cando o IEM organizou varios actos na súa honra. Como demostra a homenaxe que lle tributaron os seus ex alumnos emigrados en Montevideo cando se trasladou a Vigo. Como demostra a recollida de sinaturas que o párroco Manuel de Lama organizou para que fose repostado na súa escola de Morgadán e que rematou con dobre éxito: practicamente todos os habitantes da parroquia asinaron e conseguíuse a reposición solicitada. Cariño e admiración correspondidos por el; sábeno, ou sabíano, os ex alumnos, sábeno os seus descendentes, declarouno el na amentada homenaxe de indianos e deixou escrito nalgúns artigos, como aquel no que describe os seráns que adoitaban celebrar diferentes parroquias do Val de Miñor.

En fin, a Morgadán e Gondomar cábelles a honra e mais o orgullo de seren a terra da que partiron moitas das iniciativas culturais do noso mestre; aquí chegou a comunicación de que fora elixido membro do Instituto Histórico do Minho, aquí creou o poema *Lembranza da Tecedeira*,

aquí recibiu o nomeamento de académico da lingua, aquí redactou o seu discurso de ingreso titulado *Rosalía de Castro, precursora da fala*, aquí escribiu a maior parte dos poemas de *Abicedo* e *Cabrinfolas*...

Esperamos que o xenio de Victoriano Taibo siga colleitando novos libros cada ano e, dende este acto, reclamamos, unha vez máis, un día das Letras Galegas para os seus merecementos.

Boa noite.